

QUEREMOS

AUTOBÚS!

Transporte público de calidade.

Por un servizo público asequíbel,
con bos horarios e sen atrasos.



bng 

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO



QUEREMOS AUTOBÚS!

O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse, acudir ao traballo, ao médico, etc. pero lonxe de termos un servizo de calidade os problemas repítense sen que o PP, á fronte da Xunta, faga nada por solucionarlos.

A día de hoxe as persoas usuarias teñen que padecer os constantes atrasos nas frecuencias, autobuses que non pasan, horarios que se incumpren ou que non responden ás necesidades da poboación. Tamén hai queixas pola falta de accesibilidade nos autocares, a falta de información xeneralizada e a falta de atención presencial.

Desde o BNG, presentamos iniciativas no Parlamento e nos concellos para que se solucionen os problemas mencionados.

Apostamos por unha mobilidade que responda ás necesidades das galegas e galegos, e que contribúa á vertebración e ao desenvolvemento do noso país.

Por iso DEMANDAMOS:

- Que a Xunta de Galiza garanta o bo funcionamento do servizo de transporte e revise os problemas detectados. Ademais debe esixirlle a Monbus: o cumprimento das condicións da concesión, o cumprimento estrito dos horarios evitando atrasos, a mellora da información e garantir a atención ao público de maneira presencial.